



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN OFICIAL DE PRIMEIRA/ALBANEL EN SUBSTITUCIÓN DO TITULAR DO POSTO

Reunidos na nave de cocheiras do Concello, ás 10:05 horas do 20 de xullo de 2023, os membros do tribunal cualificador nomeados no decreto da alcaldía 398/2023, do 19 de xullo de 2023, constitúese o mesmo cos seguintes integrantes:

Presidenta	Titular: D ^a Sonia Campos Ares, funcionaria, asesora xurídica.
Secretaria	Titular: D ^a Eva Jardón López, funcionaria estatal, secretaria.
Vogais	Titulares: D ^a M ^a José Couto López, laboral, técnica de Medio Ambiente D ^a M ^a Dolores Pinilla López, funcionaria, auxiliar administrativa.

Constituído este procédese á realización das probas de selección recollidas no punto sete das bases que rexen a contratación dun oficial de primeira/albanel para o departamento de Obras para a substitución do titular posto, de baixa por IT.

O tribunal, en uso da súa discrecionalidade técnica e sentando criterios uniformes para a interpretación da base sétima, unha vez realizada a proba práctica e realizada a entrevista curricular, outorga por unanimidade ás persoas admitidas ao procedemento a puntuación que a seguir se indica sobre un total de dez puntos (tres puntos a entrevista curricular e sete a proba práctica), resultando unha puntuación total da maneira que segue:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA PRÁCTICA	ENTREVISTA CURRICULAR	PUNTUACIÓN TOTAL
López López, Jorge	79****09T	6 Puntos	2 puntos	8 puntos
Gómez Louro, Manuel	32****51W	0 Puntos	1 puntos	1 puntos

Á vista das puntuacións outorgadas e, en cumprimento do establecido nas bases, os integrantes do tribunal acordan por unanimidade propoñer ao señor alcalde a contratación do aspirante con maior puntuación, **JORGE LÓPEZ LÓPEZ (79****09T)** e a formación da bolsa de traballo prevista nas bases coas outras persoas indicadas, coa orde de prelación en función da puntuación outorgada.

NOME E APELIDOS	DNI
Manuel Gómez Louro	32****51W

Contra estes acordos do tribunal, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada perante o señor alcalde, como órgano que nomeou ás persoas integrantes daquel, no prazo dun mes, de acordo co indicado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común. Sendo ás 11:00 horas do día sinalado no encabezamento, a señora presidenta do tribunal dá por rematada a reunión ao cumprir a finalidade para a que foi convocado o órgano, do que, eu como secretaria do tribunal, dou fe (asinan tamén todos os membros do tribunal).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)